

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión


- 1.1 5325 (10/POC-000920)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o coñecemento e as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias para solucionar as deficiencias existentes nas instalacións do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 1.2 6707 (10/POC-001165)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para a elaboración da estratexia da cultura de Galicia 2021, co fin de garantir a súa preservación e difusión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 1.3 6829 (10/POC-001181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para modificar as condicións do prego de contratación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES Universidade Laboral de Ourense minorando as categorías profesionais e o número de traballadores, a autorización á empresa adjudicataria do ano 2014 para alterar as condicións contractuais da prestación do servizo e as xestións realizadas para o seu cumprimento, así como as medidas previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017
- 1.4 6848 (10/POC-001184)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre o enfoque que lle está a dar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria á formación do profesorado

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

- 1.5 6932 (10/POC-001199)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre o traslado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos pais e ás direccións dos centros educativos, no anuncio publicado na súa páxina web o día 21 de marzo, da responsabilidade de garantir o normal funcionamento dos centros ou, se é o caso, suspender a actividade docente os días 22 e 23 de marzo de 2017 por pasar a alerta declarada a un nivel superior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017
- 1.6 6977 (10/POC-001208)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa denegación pola Axencia Galega das Industrias Culturais das subvencións solicitadas para o ano 2017 por cinco dos máis relevantes festivais de cine de Galicia, e as súas previsións respecto da procura dalgunha solución para que poidan realizarse
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017
- 1.7 7268 (10/POC-001267)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre as razóns existentes para non incluír o IES Leliadoura, de Ribeira, no proxecto denominado Escolas Conectadas de Galicia, as previsións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da rectificación desa decisión e, se é o caso, a data estimada para a conexión do centro por fibra óptica de alta velocidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 7089 (10/PNC-000727)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o mantemento polo Goberno galego da liña de bacharelato de humanidades, ciencias e tecnoloxía no IES Castro da Uz, no concello das Pontes de García Rodríguez



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 17/04/2017 13:09:35